



BASES PARA A CONTRATACIÓN DUN POSTO DE: OFICIAL DE SEGUNDA-ALBANEL E UN OFICIAL-XARDINEIRO PARA O CONCELLO DE AS NEVES DURANTE O ANO 2017

PRIMEIRA: As presentes bases regulan o procedemento selectivo para a contratación temporal dun posto de **Oficial de Segunda-Albanel** e un posto de **Oficial-Xadineiro** para realizar funcións propias dos postos convocados. As retribucións serán coincidentes coa consignación orzamentaria municipal do vixente exercicio. A xornada será parcial de 35 horas semanais e a duración do mesmo será, dende o momento da súa contratación ata o 31 de decembro de 2017. Formalizarase cos seleccionados o correspondente contrato laboral de carácter temporal, ó abeiro do artigo 15 b) do Estatuto dos Traballadores.

SEGUNDA. - As persoas interesadas en tomar parte nesta contratación, deberán reuni-los seguintes requisitos:

- a. Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non excedan, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- b. Estar en posesión da Titulación mínima Graduado en Educación Secundaria (ESO), Graduado en Educación General Básica ou formación Profesional de Técnico Auxiliar ou equivalente.
- c. Posuir capacidade funcional e non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- d. Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- e. Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuí-lo permiso de traballo necesario, dacordo co establecido na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.
- f. Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- g. Estar en posesión do carné de conducir tipo B.

TERCEIRA.- SISTEMA DE SELECCIÓN

A selección dos aspirantes efectuarase previa realización de Oferta Xenérica ante a Oficina de Emprego de Pontareas, e levarase a cabo mediante acreditación de méritos e unha proba de oficio conforme ao establecido nestas bases.

A Comisión de Valoración estará formada por:

- Presidente: José Domínguez Ricón ou persoa que o substitúa.
- Vocais:
 - D. Fernando Fernández Ramón, ou persoa que o substitúa.
 - D. Manuel Gándara Souto ou persoa que a substitúa.
 - D. Manuel Fernández Alcántara ou persoa que o substitúa.
- Secretaria: Concepción Eulalia Solano De Eyto ou persoa que a substitúa.

CUARTA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

A) Proba de Oficio: Os/as candidatos/as deberán realizar unha proba práctica, a proposta da comisión de valoración. Esta proba de oficio consistirá en demostrar se teñen os coñecementos propios do oficio para o que están convocad@s. Esta proba é, **obligatoria e eliminatoria**, valorarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superala obter un mínimo de cinco (5) puntos. Os resultados da mesma publicaranse no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, coa puntuación obtida. A proba práctica terá lugar o día 21 de febreiro ás 9:30 horas para o caso do Oficial de Segunda-Albanel e ás 12:00 horas para o caso do Oficial-Xardineiro. Deberán acudir na hora e data, provistos do DNI e da Carta do Servizo Público de Emprego á Casa do Concello e os méritos que pretendan alegar para alegar a experiencia laboral. A duración de cada unha das probas será dun tempo máximo de 40 minutos.

B) Experiencia Laboral. A Puntuación máxima por experiencia laboral 3 puntos, e se computará da forma seguinte (sólo valorable para as persoas que superen a proba de oficio):

- Por cada mes traballado ó servizo da administracións públicas, en empresas privadas ou como profesional autónomo en funcións relacionadas co posto a desenvolver : 0,05 puntos por mes traballado.
- A experiencia acreditarase mediante a presentación dos correspondentes contratos de traballo e informe de vida laboral, ou calquer documento no que este requisito se acredite debidamente.
- No caso de profesionais por conta propia (autónomos), certificación da alta no I.A.E. Asemesmo entregarse certificado ou informe de permanencia en alta no grupo profesional correspondente, (vida laboral) expedido pola Tesorería Xeral da Seguridade Social.
- Os méritos alegados deberán presentarse o mesmo día da realización da proba de oficio.
- Non se computarán as fraccións de mes.



Valorados tódolos méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, a comisión de valoración formulará proposta a favor dos/as candidatos/as que obteñan a maior puntuación. O resto dos candidatos/as, por orden de puntuación formarán a lista de suplentes, para o caso de cobertura de baixas ou vacantes que se podan producir durante a duración do contrato.

No suposto de empate seleccionárase a persoa que teña máis puntuación na proba práctica.

QUINTA .-Para o non previsto nestas Bases, rexerán como supletorias: a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Réxime Local; Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, e demais disposicións concordante en materia de persoal.

As Neves 6 de febreiro de 2017
O Alcalde-Presidente,

Asdo: Xosé Manuel Rodríguez Méndez